

B-2

1991

2º semestre

Cadernos de lingua

4

Real Academia Galega

INTERFERENCIAS ENTRE GALEGO E CASTELÁN: PROBLEMAS DO GALEGO ESTÁNDAR

JOHANNES KABATEK
Universität Tübingen

1. Coa extensión do uso da lingua galega a tódolos niveis nos últimos anos xeráronse numerosos problemas de normativación e de normalización, e dentro do primeiro, problemas de grafización, de modernización e de estandarización. Despois da longa e non poucas veces polémica discusión sobre a busca dunha norma ortográfica e morfolóxica para a lingua galega (discusión aínda non acabada), as actividades de planificación lingüística concéntrase agora na normalización¹, é dicir, a extensión do galego "a todos (ou case todos) os sectores da vida pública"², tarefa, dunha banda, non lingüística, senón de política lingüística, cando se trata do fomento da extensión da lingua, e, doutra banda, lingüística, cando se trata de cuestións da lingua mesma. Un dos obxectivos principais do lingüista é agora o de sinalar tendencias ou perigos que se producen no proceso de normalización. Xa non se trata só de prescribi-la lingua que ten que utiliza-lo falante, senón tamén de indica-lo camiño por onde ha de segui-lo proceso da normalización.

1.2. Podería pensarse que, unha vez acabado o traballo dos lingüistas, unha vez creada unha normativa, estes poden descansar e deixa-lo traballo da extensión desta norma ós planificadores e ós políticos. Pero isto sería moi inxenuo. Na realidade é neste momento cando as cousas comezan a complicarse: entra en xogo o elemento

¹ Isto non quere dicir, claro está, que a normalización xa rematase. Aínda quedan abertos moitos problemas de terminoloxía, aínda non existe p. e. unha norma fonética e fonolóxica.

² Cf. Francesc Vallverdú, "La normalisation du catalan", *Treballs de Sociolingüística Catalana* 1 (1977), pp. 147-155.

máis importante, factor decisivo de todo proceso de planificación lingüística: o falante da lingua³.

1.3. A *lingua estándar* é unha variante exemplar da lingua, abstracción por encima da lingua común que serve como patrón de orientación, como pauta de corrección, como ideal lingüístico para os falantes da lingua común e literaria, vehículo de cultura dunha comunidade e teito común das variantes dialectais. Como abstracción, o estándar dunha lingua non é idéntico con ningunha variante da lingua, pero hai variantes que se orientan máis no estándar ca outras, ata chegar, en parte, a unha identificación por parte dos falantes entre estándar e maila lingua falada en certos ámbitos. Identifícase, pois, o estándar dunha lingua co que falan certas persoas consideradas "bos falantes da lingua", escritores, intelectuais, e, cada vez máis, locutores dos medios de comunicación e políticos; identifícase coa lingua que se fala no uso oficial, cara ó público ou en situacións nas que fai falla a comprensión por parte de tódolos membros da comunidade dos falantes. Adóitase empregar a variante considerada exemplar, por exemplo, nos medios de comunicación, nos discursos públicos, no ensino, na universidade e no parlamento.

1.4. Hoxe en día vivimos unha nova época na historia da lingua galega. A lexislación do estado español e da comunidade galega permitiron o "emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa"⁴. A consecuencia foi a necesidade dun galego estándar, dunha lingua exemplar como punto de orientación para o uso nos medios de comunicación, na administración, no ensino. A política lingüística creou o marco para a difusión deste galego estándar que tiña que ser elaborado, e foi elaborado, en primeiro lugar, polos lingüistas do *Instituto da Lingua Galega* en Compostela co apoio da *Real Academia Galega*. Escribíronse métodos para o ensino, dicionarios, vocabularios técnicos; mandáronse asesores lingüísticos ó Parlamento, á Radio e á Televisión para que, en todas partes, se falase "bo galego".

Aínda así, para moitos galegos este galego modélico "soa raro", non lles parece se-la súa lingua, "parécese moito ó castelán"; din que os locutores, os políticos, os intelectuais "non falan coma nós". A culpa frecuentemente se busca entre os normalizadores e os normativizadores, e non entre os realizadores da normativa elaborada. Non quere-

³ Na fórmula de Einar Haugen, "The planner proposes, but the community disposes" (*Language Conflict and Language Planning. The Case of Modern Norwegian*, Cambridge/Mass. 1966, p. 24).

⁴ *Estatuto de Galicia*, art. 5º, 3.

mos entrar aquí na discusión política, pero queremos sinalar que os problemas do galego actual teñen a súa orixe en gran parte na situación histórica na que se encontra Galicia e na que se encontraron os falantes do galego, é dicir, na situación de contacto co castelán coas súas consecuencias: dunha banda, a falta de tradicións do galego en ámbitos anteriormente reservados á lingua castelá, doutra banda, as numerosas interferencias entre os dous idiomas, interferencias que xa levan séculos a actuar sobre o galego e que hoxe se notan tal vez máis ca nunca na historia.

2.1. Nas seguintes observacións que fixemos na lingua empregada no parlamento e nos medios de comunicación⁵ aparecen algúns trazos que poden axudar á explicación da impresión arriba mencionada. O que nos interesaba eran as interferencias entre o castelán e o galego, o meirande perigo para a lingua galega. Os resultados son observacións que fixemos non só nun falante senón que se repetiron en distintos falantes, e mesmo con certa regularidade. Queremos, porén, sinalar que había tamén individuos nos que case non se notaban interferencias do castelán. Temo-la impresión de que mesmo fóra das variantes individuais hai aínda gran vacilación no emprego do idioma, quere dicir que non hai un "estilo do galego público" uniforme. O que indicamos son, pois, tendencias que existen pero que (afortunadamente) non se chegaron a xeneralizar.

2.2. Velaquí algunhas das observacións que fixemos:

a) Na *fonética* nótase unha tendencia a marcar pouco a distinción entre as vocais abertas e pechadas ou a facer unha distinción ás veces sen respecta-la súa función fonolóxica. Isto é evidente sobre todo en palabras onde a pronuncia do galego se distingue da castelá, e máis frecuente cando a pronuncia non cambia a función fonolóxica (p. ex. *especie* = gal. [es'pɛθje], cast. [es'peθje]. Só nalgúns dos falantes se dá a tendencia a pronuncia-lo *o* átono moi pechado, case coma *u*⁶, nin tampouco a tendencia de afrouxa-lo *e* e o *a* finais [lə'pulítikə]. Os ditongos mostran a tendencia a monoptongar (*otro* en vez de *outro* etc.).

No sistema das sibilantes nótase ás veces a tendencia a pronuncia-lo [ʃ] (escrito *x*) coma o *s* apicoalveolar que nalgúns falantes chega

⁵ A base destas observacións son transcricións e gravacións de sesións do Parlamento de Galicia e gravacións da radio e da televisión galegas feitas no ano 1990.

⁶ O *-o* de bonito é distinto do *-u* portugués ou asturiano, pero moito máis pechado có *-o* castelán: (bunito)". Constantino García González, "Interferencias lingüísticas entre galego e castelán" en *Temas de lingüística galega*, A Coruña 1985, p. 119.

a unha neutralización dos dous fonemas. Á parte diso, no consonantismo non hai elementos destacados⁷.

Na entoación hai unha clara tendencia a evita-la típica melodía da frase galega e a aceptar en cambio a entoación do castelán⁸. A impresión xeral que dá a fonética dalgúns falantes é a dun galego pronunciado con acento castelán.

b) No uso dos pronomes notámo-la total ausencia do chamado pronome de solidariedade. Atopamos numerosos casos de colocación falsa do pronome (anteposto onde non é posible, p. ex. *me parece que* en lugar de *pareceme que* etc., poucas veces tamén por ultracorrección, ó revés, p. ex. *os deputados que mostráronse* en vez de *que se mostraron*), evidentemente pola influencia do castelán. Ademais, en casos en que o pronome se pode colocar antes ou despois do verbo notámo-la ausencia case total da colocación anteverbal (p. ex. *teño que advertir* etc.) e a clara tendencia á posposición (*teño que advertirle*)⁹.

c) No sistema verbal atopamos formas compostas, en xeral só do pluscuamperfecto, que non existen no galego (*había anunciado* etc.). Non se dá, xeralmente, a forma composta do antepresente (*he estado*), pero úsase ás veces coa mesma función a perífrase *teño estado*. Na gran maioría dos falantes notámo-la total ausencia do infinitivo conxugado. Nótase unha redución do riquísimo sistema galego de perífrases verbais a unhas poucas, que poden aparecer na súa forma castelá cando esta difire do galego (p. ex. *vaise a facer*, de cast. *se va a hacer*, en vez de *vaise facer*).

d) Abundan as palabras castelás (non se pode nin falar de castelanismos porque non se trata de adaptacións de palabras senón dun libre intercambio de palabras castelás metidas no discurso galego) no léxico. Atópanse con moita frecuencia en fórmulas que inician a frase (*Si, bueno, ahora mismo, muchas gracias, con fecha de hoy, de la mía parte* etc.). En caso de dúbida hai unha tendencia en dirección da forma idéntica á do castelán: *hasta* e non *ata*, *si* e non *se*, *misimo* e non *mesmo*, *decir* e non *dicir*, etc. Esporadicamente, calquera verba aparece na súa forma castelá (p. ex. *todavía* e non *aínda*, *dudas* e non *dú-*

⁷ C. García observou o mesmo ó revés, "pola semellanza de ámbolos sistemas" *op. cit.*, p. 119.

⁸ Temos aquí un fenómeno contrario ó que describe o profesor Constantino García cando di que no dialecto agalegado do castelán "a entoación dos seus falantes é exactamente a entoación do galego", *op. cit.*, p. 118.

⁹ Parece ser unha tendencia xeral en galego que se pode atribuír á influencia do castelán, pero que pode tamén ser unha tendencia independente.

bidás, fechas e non *datas, mismo* e non *mesmo, donde* e non *onde, ciudad* e non *cidade, pendiente* e non *pendente, cual* e non *cal, cuando* e non *cando*, nestes últimos casos podendo ser tamén dialectalismos, o cal non é moi probable en falantes que en xeral non presentan determinados trazos dialectais).

2.3. Isto nada máis son algúns dos exemplos de interferencias que se atopan¹⁰. Agora ben, hai que sinalar que tamén hai tendencias contrarias, que, de certo modo, tamén son interferencias. Trátase das ultracorreccións, do uso da forma "máis galega" e das chamadas "palabras enxebres". Aparece a tendencia a escolle-la forma máis distante do castelán mesmo cando esta é dialectal, así *dende* e non *desde, eiquí* e non *aquí, de xeito que* e non *de maneira que, atopar* e non *encontrar, intre* e non *momento* (perdendo nos últimos casos a diferenciación semántica entre as distintas verbas), etc.¹¹.

En xeral, o número das chamadas "palabras enxebres" é dicir, verbas consideradas tipicamente galegas que non existen no castelán, é moi limitado, pero algunhas que unha vez penetraron no uso repítense con moita frecuencia (p. ex. *xeito, atopar, nembargantes, beira, banda, rematar, pechar, lembrar, adoitar, intre* etc.).

2.4. Os exemplos indican unha clara tendencia: indican o claro perigo no que se encontra a lingua galega de uso cara ó público, variante da lingua que, noutras comunidades, é realización dun sistema exemplar ou estándar e que, no caso do galego, se está a formar nestes momentos.

3.1. O perigo dáse polo contacto co castelán. Nembargantes pódense distinguir distintas vías polas que penetra a influencia do castelán.

3.2. Temos, en primeiro lugar, o problema de que, desde hai algúns anos, o galego se usa en situacións nas que nunca se utilizara

¹⁰ Cómpre sinalar tamén que nalgúns falantes, especialmente nalgúns deputados do parlamento, se dá unha tendencia lusista, con case total ausencia de castelanismos e uso de formas adaptadas do portugués (p. ex. subxuntivo do futuro; formas como *dizer, estabelecer, até, porén*, palabras en *-vel*, pronunciación *uma*, se cadra por influencia da grafía portuguesa, palabras terminadas en *-m*, terminación inexistente tanto no galego coma no portugués, etc.).

¹¹ Este fenómeno atópase en tódalas situacións de contacto, así tamén no catalán: "La ultracorrección respon efectivamente a una estrategia del parlant, que s'esforça per evitar una forma <indesejable> o que creu que es inadecuada en unes determinadas circunstancias: normalmente, perquè creu senzillament que és pròpia d'una altra llengua. (...) el resultat de l'estratègia pot consistir a <escollir> la forma més allunyada de la llengua en qüestió", (Lluís Payrató, *La interferència lingüística*, Montserrat 1985, p. 31).

antes. Para os usos novos faltan variantes estilísticas novas: é un problema da *arquitectura* da lingua¹². A grande semellanza co castelán, problema da *historia* da lingua, permite ata hoxe un intercambio relativamente fácil de elementos entre as dúas linguas. Historicamente, galego e castelán son dous dialectos do latín hispánico que se separaron cada vez máis ó longo da historia pero que seguen moi próximos un do outro¹³. Por iso, aínda hoxe é posible, e mesmo con poucos coñecementos de galego, a adaptación dun texto castelán, a súa integración no sistema galego, modificándoo só un pouco.

Na creación de variantes diafásicas novas dentro dunha lingua común (aínda non enteiramente formada), como p. ex. "estilo de discurso parlamentario", "estilo de telexornal", "estilo de dobraxe dunha película" etc., variantes que non existían ata hai poucos anos, é lóxico que os falantes busquen solucións noutros sistemas que coñezan.

3.3. Se é certo que o número de galegofalantes monolingües é moi baixo, o número de galegofalantes monolingües entre os falantes destas variantes diafásicas (ou desta variante diafásica do galego estándar *galego con función pública*) é nulo. Aínda máis: a enorme maioría dos falantes formouse en castelán, única lingua "cultura" que coñecían ata hai pouco, xa que na situación diglósica o galego practicamente non se empregaba como lingua culta¹⁴. Á parte diso hai, sobre todo en certos sectores da vida pública (en primeiro lugar no ámbito político-administrativo e nos medios de comunicación), un número considerable de "falantes novos", castelán-falantes de antes que por certas razóns (patrióticas, profesionais, políticas) comezaron a fala-lo galego, algúns deles soamente en público mentres seguen falando cas-

¹² Para a terminoloxía empregada aquí véxase Eugenio Coseriu, "Los conceptos de 'dialecto', 'nivel' y 'estilo de lengua' y el sentido propio de la dialectología", *Lingüística española actual* III/1 (1981), pp. 1-32 e tamén Leiv Flydal, "Remarques sur certains rapports entre le style et l'état de la langue", *Norsk Tidsskrift for Sprogvidenskap* 16 (1951), pp. 240-257.

¹³ As semellanzas foron aínda moito máis considerables antes do Siglo de Oro, no que o castelán se modificou bastante. Idioma conservador, o galego non mudou tanto e a súa distancia do castelán moderno parece máis grave do que a distancia do castelán antigo; cfr. Xesús Alonso Montero, *Galego moderno y castellano antiguo. Algunos rasgos comunes*, Lugo 1966.

¹⁴ Falamos aquí da grande maioría, sabendo que, por sorte, durante todo o século había intelectuais e escritores que empregaban o galego nunha forma "cultura", que, en realidade, é unha base moi importante de todo galego común.

telán fóra do uso público¹⁵. Cada falante é entón en distintos graos unha zona de contacto entre galego e castelán.

3.4. Moitos dos falantes, aínda coñecendo ben o galego p. ex. do ámbito familiar, senten inseguridade cando teñen que emprega-lo galego en ámbitos anteriormente reservados ó castelán. Cando non saben se unha forma que empregan normalmente cando falan galego é tamén adecuada no uso cara ó público, tenden a remprazala pola forma que coñecen do castelán e da que saben que no contexto do "discurso público" se pode empregar. Nalgunhas formas, isto parece xustificable (p. ex. poderíase considera-lo pronome de solidariedade como elemento do discurso informal, e por iso non adecuado para o emprego no parlamento, na radio, etc. O mesmo pasa con moitos termos dialectais ou con rasgos fonéticos como a *gheada* e maílo *seseo*). Pero en xeral, é mostra dunha avaliación de inferioridade da lingua galega fronte á lingua castelá en certos contextos.


A combinación destes elementos, o bilingüismo dos falantes, a semellanza histórica entre galego e castelán e a falta das variedades diafásicas da *lingua estándar* cunha consecuenta inseguridade dos falantes son fonte de numerosas interferencias lingüísticas.

4.1. Pero as interferencias en canto afectan ó sistema lingüístico, pódense corrixir. As actividades de estandarización limitáronse (e limitáanse), en primeiro lugar, á creación dun *sistema lingüístico* exemplar e común para todos e a súa realización en tódolos ámbitos. Unha vez aclaradas e acabadas as discusións sobre "a forma correcta", "a palabra correcta", "a construción correcta", os lingüistas concéntranse agora no control desas regras, tarefa xa bastante ampla nunha lingua extremadamente interferida por outra como é o galego polo castelán. A idea é a seguinte: se tódolos falantes da lingua respectan as regras correctamente, falan "bo galego". Pero, como é sabido, unha lingua é máis ca un sistema funcional, máis do que expresan as regras fonolóxicas e morfolóxicas.

4.2. Supoñamos que, ademais dun *sistema galego* como conxunto de regras e oposicións sistemáticas, existe tamén unha *tradición de realizacións concretas deste sistema*, ou, mellor dito, un conxunto de tradicións para distintas situacións, distintos ámbitos sociais e distintos

¹⁵ É tamén un caso de diglosia, pero moitas veces non se trata da relación anterior *idioma con prestixio* = *idioma público*; *idioma con menos prestixio* = *idioma familiar*; senón dunha relación artificial, creada pola política lingüística e comprensible na situación transitoria na que está o galego. É un fenómeno que atopamos tamén con frecuencia na comunidade valenciana.

lugares; supoñamos que, no galego común como algo en parte existente, hai tamén unha gran cantidade de tradicións de realizacións deste sistema, de construcións fixas, de xiros típicos distintos dos do castelán. Pero no parlamento, na universidade e nos medios de comunicación non se falaba galego ata hai pouco, faltaba entón unha *norma* establecida¹⁶, faltaba unha tradición de realizacións concretas. Os falantes bilingües; coñecedores doutra norma facilmente transferible á galega, a norma do castelán, estaban e están, pois, en perpetuo perigo de transpo-la norma do castelán á do galego, coma no seguinte esquema:



Os cuadrantes 1 e 3 representan as variantes do castelán: 1 é a lingua orientada no estándar, coas súas normas e variantes estilísticas do discurso público, dos medios de comunicación, etc. (lingua por soposto non homoxénea pero que aquí para o plantexamento teórico supoñamos máis ou menos uniforme), 3 son outras variantes; 4 son as variantes existentes do galego (p. ex. lingua familiar etc.); 2 representa a lingua galega orientada no estándar-variante(s) do galego en vía de formación. As dúas frechas representan as posibles fontes para a lingua 2: A frecha A indica unha adaptación da(s) norma(s) do castelán, a súa adaptación ó sistema galego (ou sexa, a tradución da(s) norma(s) do castelán); a frecha B indica a creación das normas do estándar galego

¹⁶ Falamos de "norma" no sentido que Eugenio Coseriu deu a este termo, non no sentido de norma como "norma normativa". Para a definición do termo cfr. o artigo "Sistema, norma y habla", en *Teoría del lenguaje y lingüística general*, Madrid, 3ª ed., 1973, pp. 11-113.

coa fonte do propio galego (nesta fonte queremos incluír tódalas variantes do galego, tamén as dialectais e mailas históricas).

5. Conclusión. O proceso dunha lingua en elaboración vai por varias etapas. Despois da constitución dunha lingua común segue xeralmente a procura do que chamamos *lingua exemplar* ou *lingua estándar*. É un proceso que se encontra na constitución das grandes linguas nacionais e que xeralmente se dá nun momento xa de plena conciencia do feito de que virtualmente a lingua común existe: só a existencia dunha lingua e a consecuente conciencia nacional dun pobo pode provoca-la vontade de creación dunha lingua estándar¹⁷.

Do feito de que, ademais do castelán, a lingua galega existe en parte como lingua común de Galicia, naceu a vontade de creación dun galego exemplar para que non fose necesario o uso do castelán en certos ámbitos da sociedade, vontade xa manifestada no principio de noso século¹⁸, pero só posibilitada hai pouco tempo polas circunstancias políticas que permitiron a realización de tal obxectivo.

Na situación actual, o galego está no camiño cara á normalización. Dúas das bases para tal finalidade estanse acabando agora: a primeira foi a creación dun *sistema lingüístico común* (base *intensiva* da lingua). A segunda é a *extensión* deste sistema a tódolos niveis (base *extensiva* da lingua).

A terceira, tal vez máis importante cara ó futuro do galego, é a *creación de realizacións concretas* dentro do *sistema do galego estándar*, de *normas* históricas propias. É o proceso máis complicado e máis durativo na formación dunha lingua porque se trata da cristalización de tradicións. Estas tradicións poden ter a súa base na adaptación doutras, xa existentes noutra lingua (frecha A), ou na adaptación de tradicións existentes na lingua pero menospreciadas ou non coñecidas por tódolos falantes (frecha B). O resultado da primeira posibilidade é unha lingua híbrida con pouca esperanza de supervivencia. O resultado da segunda posibilidade é unha lingua con identidade propia, coa consecuente perspectiva de aceptación igualitaria fronte ás outras linguas románicas. Moitos falantes do presente son a proba do feito de que esta identidade xa existe, pois mostran coa súa capacidade de

¹⁷ Tal por exemplo na Francia do século XVII, cando a conciencia do "bon usage" xa estaba presente mais aínda non existía unha norma escrita: "On n'avait pas encore le sentiment d'une règle (...) Sans s'être codifiée dans un livre, cette règle s'était déjà déterminée et précisée dans son ensemble" (Ferdinand Brunot, *Histoire de la langue française*, vol. II, París 1967, p. 149).

¹⁸ Polas *Irmidades da fala*, na *Xeración Nós*, nos traballos do *Seminario de estudos galegos* e nas primeiras actividades da *Real Academia*.

falar "bo galego" tamén no nivel culto que isto é posible: o que fai falta é un bo coñecemento da lingua e quizabes tamén un pouco de espírito creador lingüístico.

Para os planificadores, isto significa que a elaboración dunha lingua non se pode limitar no que se entende xeralmente por normatización e normalización, senón que fai falla tamén o fomento da creación e do uso do bo galego, e isto non só na literatura mais tamén alí onde a lingua ten a súa maior difusión: nas funcións cara ó público, no ensino, na política, na administración e nos medios de comunicación, porque esta lingua pública debería tamén ser lingua exemplar, un instrumento de comunicación digno de ser punto de orientación para os falantes.